

Esta semana imos traballar algo de poesía ,xa sabes : métrica ,recursos ,rima...

Le este poema e vairo anotando no teu caderno co título de :

POESÍA

Anyia é unha amiga moi especial
que trouxo a alegría a esta casa.
Ao seu carón pásoo fenomenal,
quérolles moito a ela e mais a Sasha.

Se algún día teñen que marchar
creo que enfermarei de saudade
Pero oxalá a nai os veña buscar :
desexareilles moita felicidade.

De Irina para Anyia

QRT M8 WAPA

Antes de comezar :

- Que quere dicir QRT M8 WAPA e como se chama ese tipo de linguaxe?
- Quen é o receptor/a e quen a emisor/a.
- Analiza os adxectivos que aparecen no poema .

Métrica:

Lembras como se facía ? .Contabas sílaba a sílaba agás cando unha palabra remataba en vogal e a seguinte comezaba por vogal tamén ,que formaban unha única sílaba (**sinalefa**)

Rima:

Podía ser **consoante ou asoante**

Tipo de versos:

Se miden 8 ou menos de 8 sílabas son de **arte menor** ;se soben de 8,de **arte maior**

Recursos

Lembra os xa aprendidos (comparación ,metáfora...) e investiga máis

Remate da tarefa:

Intenta escribir unha poesía alegre ,optimista ...de entre 2 e 4 estrofas para o teu amigo/a a quen non ves e con quen non podes xogar desde hai 15 días.

Acompáñao dun debuxo

Lerémolas na clase cando voltemos !

XOGAMOS ?

Pincha e comeza a xogar :

Descifra o texto : <https://aulasgalegas.org/que-nos-di-o-texto/>

Reto do cubo de Rubik en familia : <https://youtu.be/zLk1re38VYY>

ÁNIMO !!!